

Onde beben os cabalos do tempo...

Roteiro polo Pico Sacro

COMPOSTELA



O punto de encontro será en Lestedo (Boqueixón) no Centro de Interpretación do Pico Sacro. Subindo ao cumio deste lugar mítico teremos unha fermosa panorámica da bisbarra, e coñeceremos varios elementos asociados ás lendas do lugar: Rúa da Raíña Lupa, uns enigmáticos buratos escavados na pedra, a capela de San Sebastián, etc. Baixaremos dende o Pico pola aldea da Granxa e continuaremos o roteiro pola beira dos ríos Pontillón e O Codeso. Entre a súa frondosa vexetación de ribeira toparémonos con fontes milagreiras, muíños, capelas e fermosas fervezas.

12 quilómetros de dificultade media

DOMINGO, 20 de XANEIRO de 2013

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.
Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s



PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

17 Febreiro: O Incio (Trabe d'ouro)

17 Marzo: Ribeira Sacra (Doade
Santas)

28 Abril: O Cebreiro (Ancares)

+info: www.adega.info ou roteirosadegalugo.blogaliza.org

26 Maio: Xove (Tesouros Feranzos)

23 Xuño: Allariz (Sta Mariña de Augas)

O PICO SACRO: UN LUGAR DE LENDA



Este emblemático elemento xeomorfolóxico pertence ao concello de Boqueixón e marca a última etapa da Ruta da Prata cara a Santiago. Está considerado o monte máxico de Galicia e lugar de morada da Raíña Lupa, conservándose varios topónimos alusivos á súa presenza: Pazo, Horta e Rúa da Raíña Lupa. Son moitos os elementos da tradición oral asociados ao Pico: misteriosas covas, serpes, mouros, etc. A lenda xacobeá describe a intervención da Raíña Lupa na chegada dos restos do Apóstolo Santiago a Galicia, recollida no Códice Calixtino. Tralo desembarco do corpo do Apóstolo en Iria Flavia, os seus discípulos solicitaron a axuda da Raíña para que lles facilitara un



carro e uns bois. Esta envioulles uns bois bravos e un dragón. As oracións dos acompañantes do Apóstolo supuxeron a morte do dragón e que os bois se volvesen mansos. Asombrada pola transformación, a Raíña Lupa converteuse ao cristianismo, e ofreceulles o lugar de *Campus Stellae* para o soterramento. O monte no que se obrara o milagre pasou a coñecerse como *Montesagro*, *Montem Sacrum*, *Mons Sacer*, Pico Sacro... Co tempo, construíuse no Pico un mosteiro, un torreón e algunhas capelas. Hoxe en día sigue sendo lugar de peregrinación e a xente aínda continúa a reproducir moitos rituais do pasado.



PICO SACRO: SINGULARIDADE XEOLÓXICA

Nun país de granito e lousa destaca este gran dique de seixo que, ao tratarse dun material resistente á alteración, dá lugar á formación orográfica máis relevante da zona: a Serra do Pico. Esta intrusión mineral considérase froito da colisión dos supracontinentes Gondwana e Laurasia hai uns centos de millóns de anos. O seixo desta Serra está sendo explotado na mina de Serrabal, que foi nos últimos anos obxecto dunha batalla política e social. O gran dique de seixo está fracturado por unha falla transversal, na que se encaixa o río Ulla.



É moi destacable tamén a presenza deste lugar dunha serie de covas míticas que tradicionalmente se asociaron á procura de tesouros. Tras rigorosos estudos, membros do club de espeleoloxía Maúxo de Vigo consideran que se trata de covas de orixe natural, asociadas aos procesos tectónicos, aínda que tamén puideron ser obxecto dalgunha intervención humana. Figuran entre as covas máis grandes do mundo neste tipo de material xeolóxico.

